

A NOSA VERBA UNHA VEZ MAIS COUTADA

APDO N.º 6.118—VIGO (Pontevedra)

Telfs. (986) 30 02 77 - 43 33 28

"¿Que pasa ó redor de min?
¿Que me pasa que eu non sei?
Teño medo dunha cousa
que vive e que non se ve.



O 17 de xullo de 1985, na bocanoite e no marco da Praza de Mazarelos, a AELG convocou un acto poético durante o cal se leu un MANIFESTO SOBRE **Rosalía de Castro**, que deu lectura o profesor Basilio Losada.

ESTE MANIFESTO
FOILLE REMITIDO A
PRENSA GALEGA QUEN
O DEU SILENCIADO.

MANIFESTO DOS ESCRITORES GALEGOS SOBRE ROSALIA

Coincidindo co centenário da morte de ROSALIA neste ano de 1985 , a Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG) , quer manifestar o seguinte:

1. Rosalia de Castro foi - e segue a ser - unha escritora manipulada, con deliberada ocultación e terxiversación de aspectos fundamentais da súa personalidade e da súa obra, por aqueles que "administraron , e administran , unha visión de Galiza tranquilizadora , sumisa , bucólica e folclorizante.
2. Alertados ante o facto de que as homenaxes oficiais e oficiosas van servir para aínda mais confundir e obscurecer a súa significación perante o noso povo , nós reivindicamos o seu papel de loitadora com - prometida coas clases populares do País.
3. Estamos certos de que a súa obra e a súa actitude foron fundamente conflictivas e descubridoras dunha realidade aínda hoxe oculta e negada.
4. Importa-nos muito esclarecer que Rosalia tivo sempre unha conciencia mui clara de estar contribuíndo coa súa obra en galego á construción dunha literatura nacional , e que - como ela propia dixo no Prólogo de Follas Novas - " non era cousa de chamar ás xentes á guerra e de serrar da bandeira que eu mesma tiña levantado " .
5. Nesta guerra os escritores galegos , continuándonos o seu exemplo , seguimos a estar comprometidos para conseguirmos a literatura normal dun País digno e soberano.
6. Por todo isto , aínda que sabemos que a valoración de Rosalia só será posible no contexto sobredito, convidamos a todos os galegos e galegas a unha lectura directa dos seus textos de abondo expresiva e elocuente , como a mellor homenaxe que se lle poda tributar .
7. Comprazemo-nos da presenza de personalidades da crítica literaria chegadas de todo o mundo no Congreso sobre Rosalia.
8. Lamentamos a presenza no Consello de Honra de " persoeiros " significadamente coñecidos pola súa actitude anti-galega , como o Alcalde da Coruña , D. Francisco Vazquez , e outros .

Contra os que pretenderon silenciá-la , Rosalia de Castro , cen anos despois da súa morte , ergue a súa voz máis viva que nunca .

Compostela , 1985 .

Asociación de Escritores en Língua Galega.